



educonvives.gal

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA NO ÁMBITO EDUCATIVO

www.educonvives.gal



XUNTA DE GALICIA

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E **ATENCIÓN** **EDUCATIVA** **DOMICILIARIA NO** **ÁMBITO EDUCATIVO**

**PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E ATENCIÓN EDUCATIVA
DOMICILIARIA NO ÁMBITO EDUCATIVO**

Autores: Varios

Edita: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

Depósito legal: C 1352-2018

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN	4
2. PROTOCOLO DE ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA	6
2.1 Obxecto	6
2.2 Principios e ámbitos de actuación	6
2.3 Persoas destinatarias	8
2.4 Procedemento de solicitude de atención educativa domiciliaria	8
2.5 Programa individualizado de atención educativa domiciliaria	9
2.6 Profesorado	10
2.7 Seguimento	11
2.8 Avaliación	11
2.9 Formación e recursos	12
2.10 Familias	13
2.11 Supervisión	13
3. OUTRAS ESCOLARIZACIÓNS EXCEPCIONAIS POR MOTIVOS DE SAÚDE	15
4. ANEXOS	16
Anexo 1. Solicitude da familia co compromiso de apoio á atención	16
Anexo 2. Modelo orientación de informe médico	17
Anexo 3. Traslado da solicitude por parte da dirección do centro á xefatura territorial	18
Anexo 4. Informe da situación académica do alumnado	19
Anexo 5. Elementos que debe conter o programa individualizado	21
Anexo 6. Informe final de seguimento	22
Anexo 7. Modelo de folla rexistro semanal de incidencias	23
Anexo 8. Acordo de atención educativa domiciliaria coa familia	24

1. PRESENTACIÓN

A **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**, segundo a redacción dada pola **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa**, define, no seu título II, o concepto de alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa aquel alumnado que, polas súas condicións persoais, require determinados recursos para o máximo desenvolvemento das súas potencialidades, desde a consideración da educación como un proceso integral e cos principios de normalización e inclusión como referentes. Así mesmo, encoméndalles ás administracións educativas a tarefa de regular e asegurar a participación das familias nos procesos educativos.

No **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia** nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**, recóllese que a diversidade é unha realidade social e que “ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado”.

A **Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais**, regula a atención educativa hospitalaria e domiciliaria, e o procedemento para esta.

O **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, e o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia**, fan da atención á diversidade unha das súas prioridades, polo que deben establecerse as medidas curriculares e organizativas que se necesiten para facer posible que todo o

alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal e social, no ámbito dos principios democráticos, de convivencia pacífica e de participación social.

Considerando estas referencias normativas, así como a realidade persoal do alumnado, procede establecer unhas pautas que guíen todo o proceso da atención educativa daquel alumnado que por diversas circunstancias de saúde deba permanecer no seu domicilio e non poida asistir con regularidade ao centro docente.

2. PROTOCOLO DE ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA

2.1 Obxecto

O obxecto deste documento é proporcionar un marco de referencia que lle facilite unha resposta educativa axeitada ao alumnado que non poida asistir con regularidade ao centro docente no que está escolarizado por un período prolongado, por prescrición médica, debido a enfermidade ou lesión.

Esta atención desenvolverase seguindo o calendario escolar aprobado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e terá como finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado, co obxecto de satisfacer as necesidades detectadas e conseguir que ese proceso se desenvolva do xeito máis normalizado posible.

2.2 Principios e ámbitos de actuación

Os principios sobre os que se asenta esta actuación serán:

- ▶ **Atención á diversidade**, cunha resposta educativa individualizada, flexible, coherente e integral.
- ▶ **Coordinación e colaboración** das instancias e profesionais que interveñen no proceso educativo durante o transcurso desta atención e nos distintos contornos de desenvolvemento e relación da persoa: centro docente, familia, profesionais sanitarios e outras institucións e organismos.
- ▶ **Mantemento de vínculos**, con actuacións encamiñadas a manter os vínculos sociais e afectivos do alumnado que recibe esta atención e súa familia, coa súa comunidade educativa de referencia.

- ▶ **Aproveitamento das oportunidades TIC**, co desenvolvemento e utilización de metodoloxías innovadoras, mediante recursos tecnolóxicos específicos e o aproveitamento das posibilidades da educación dixital. A través destes recursos o alumnado pode desenvolver un contorno persoal de aprendizaxe que facilite o seu retorno á aula.

A atención educativa domiciliaria atenderá os distintos ámbitos de desenvolvemento das persoas:

- ▶ **Educativo**: centrado no proceso formativo e no seguimento das aprendizaxes curriculares que permitan unha continuación dos estudos o máis normalizada posible (Aprender).
- ▶ **Competencial**: centrado no desenvolvemento das competencias clave ao longo dos diferentes momentos e situacións da vida das persoas (Aprender a facer).
- ▶ **Social**: enfocado ao mantemento dos vínculos que unen a persoa coa súa comunidade educativa, no sentido amplo, e co seu grupo-clase de referencia, nun senso máis restrinxido. Desenvólvense, polo tanto, competencias de relación interpersoal (Aprender a estar).
- ▶ **Afectivo-emocional**: orientado a desenvolver competencias intrapersoais, de autoconecemento e de desenvolvemento da intelixencia emocional (Aprender a ser).

2.3 Persoas destinatarias

Será destinatario desta atención, de acordo co establecido no **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia** nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**, o alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalescente no domicilio, por prescripción médica, por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. En todos os casos se contará co preceptivo informe médico.

2.4 Procedemento de solicitude de atención educativa domiciliaria

A incorporación do alumnado ao programa de Atención Educativa Domiciliaria farase mediante autorización da xefatura territorial correspondente, por instancia da familia e segundo o procedemento seguinte:

1. Solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado á dirección do centro docente (anexo 1), acompañada do correspondente informe dos servizos médicos (anexo 2), no que debe constar, entre outros aspectos, a previsión aproximada do tempo no que a alumna ou o alumno deberá convalecer no domicilio e o tempo da revisión desa previsión, así como, cando sexa posible, a conveniencia ou non de continuar o proceso formativo no domicilio durante a convalecencia.
2. Elaboración dun informe polo profesorado titor (anexo 3), no que consten, cando menos, os resultados das avaliacións parciais da alumna ou do alumno, a

aplicación, se é o caso, doutras medidas de atención á diversidade e calquera outra información relevante do seu proceso de ensino e aprendizaxe. No caso de alumnado con necesidade específica de apoio educativo xuntarase un informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do departamento de orientación.

3. Traslado á xefatura territorial correspondente (anexo 4) dos documentos referidos nos apartados anteriores por parte da dirección do centro docente nun prazo máximo de cinco días lectivos desde a recepción da solicitude. De xeito paralelo, darase traslado á inspección educativa correspondente dunha copia destes documentos. Esta documentación adiantarase á xefatura Tterritorial por medios telemáticos.
4. A resolución sobre a solicitude de atención educativa domiciliaria correspóndelle á xefatura territorial, tras o informe do Servizo de Inspección Educativa. Esa resolución, que concretará a asignación horaria, a duración desa atención e as condicións para a súa continuidade, comunicaráse ao centro docente nun prazo máximo de cinco días hábiles desde a recepción da solicitude. O centro docente dará traslado inmediato desta resolución á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.

2.5 Programa individualizado de atención educativa domiciliaria

A atención educativa domiciliaria axustarase a un programa individualizado no que se farán constar os aspectos curriculares, metodolóxicos, organizativos, de coordinación, seguimento, temporización e revisión periódica que garantan a adecuación ás circunstancias do alumnado.

O profesorado da atención educativa domiciliaria elaborará o programa individualizado (anexo 5) que se vai desenvolver durante o período ou períodos de convalecencia a partir da programación do correspondente ciclo ou curso, facilitada

polo profesorado titor da alumna ou do alumno, e en coordinación con este e co asesoramento da xefatura do departamento de Orientación.

O programa individualizado centrarase no mantemento e desenvolvemento das competencias clave e das materias instrumentais que garantan o axeitado retorno á actividade educativa cotiá, garantindo que isto non interfira no proceso de recuperación física do alumnado, e contará, de ser o caso, co apoio do profesorado especialista que atende o alumno ou a alumna no centro docente. Este programa tamén establecerá as condicións de recuperación dos elementos curriculares que, por calquera razón, non poidan ser abordados de xeito efectivo mediante a atención domiciliaria.

2.6 Profesorado

Con carácter xeral, o profesorado nomeado especificamente para a atención educativa domiciliaria dependerá organicamente dos centros públicos específicos de educación de persoas adultas, dos institutos de educación secundaria autorizados para impartir ensinanzas de persoas adultas ou, de ser o caso, do centro público que designe a xefatura territorial correspondente.

Non obstante, de acordo co establecido na **Orde do 27 de decembro de 2002 sobre criterios e condicións de escolarización en centros sostidos con fondos públicos**, con carácter temporal, poderase proporcionar esa atención a través dun profesor ou dunha profesora do centro docente ao que pertenza o alumno ou a alumna, preferentemente o seu titor ou titora, se a súa participación ten carácter voluntario e non implica o incremento do persoal do centro.

O profesorado de atención educativa domiciliaria do alumnado de educación primaria desenvolverá o currículo de xeito globalizado, co apoio do profesorado de referencia do centro docente e de acordo co establecido no programa individualizado.

O profesorado de atención educativa domiciliaria do alumnado de educación secundaria desenvolverá o currículo mediante a agrupación de materias en ámbitos: comunicación, científico-tecnolóxico, sociedade.

2.7 Seguimento

O profesorado que realice a atención educativa domiciliaria informará o centro docente da alumna ou do alumno do desenvolvemento desta atención, de acordo co establecido na temporización do programa individualizado. En calquera caso, elaborará, como mínimo, un informe mensual e/ou previo a cada avaliación.

Cando a devandita atención educativa domiciliaria remate, o profesorado que a realizou entregarálle ao centro docente un informe final (anexo 6).

O profesorado da atención educativa domiciliaria facilitaralles ás familias a información sobre o proceso educativo dos seus fillos ou fillas, potenciando a súa implicación e colaboración, na medida das súas posibilidades. Así mesmo, deberá cubrir unha folla de rexistro semanal de incidencias (anexo 7). Este rexistro entregaráselle á xefatura de estudos do centro docente ao que está adscrito.

O alumnado autorizado para recibir atención educativa domiciliaria considerárase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

2.8 Avaliación

A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro no que está matriculado, segundo o establecido na normativa xeral da etapa correspondente.

Cando a situación de convalecencia do alumno ou da alumna se prolongue no tempo máis alá dun curso académico, estudarase a aplicación doutras medidas extraordinarias de atención á diversidade establecidas con carácter xeral, como pode ser a flexibilización do período de escolarización.

2.9 Formación e recursos

A Rede de formación permanente do profesorado desenvolverá accións formativas específicas para o profesorado que realiza atención a alumnado afectado no seu proceso educativo por motivos de saúde: atención domiciliaria, hospitalaria, atención a alumnado con enfermidade crónica e outras situacións análogas.

Os recursos específicos asignados a esta atención educativa por motivos de saúde serán coordinados e xestionados desde os centros de formación e recursos correspondentes, empregando todas as posibilidades daqueles recursos tecnolóxicos, telemáticos e dixitais que favorezan a vinculación permanente do alumnado e as familias co centro docente de referencia.

Con este motivo, habilitarase unha liña específica de educación dixital que favoreza a posta á disposición das ferramentas de hardware e software necesarias para o efectivo seguimento do proceso educativo de acordo coa idade, o nivel educativo e o estado físico.

Os equipos de orientación específica desenvolverán as tarefas de asesoramento e apoio que lle sexan requiridas polo profesorado de atención domiciliaria por medio dos departamentos de orientación dos centros de referencia do alumno ou alumna.

Cando no marco do establecido no artigo 40 do **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia** nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, outras administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro

desenvolvan actuacións de colaboración nestas situacións, deberán coordinar as súas actuacións cos profesionais que desenvolven a atención educativa e co centro docente, de xeito que teñan como referencia o programa individualizado do alumno ou alumna, ademais de dispoñer do persoal coa titulación adecuada.

2.10 Familias

As familias colaborarán co centro docente de referencia e co profesorado asignado para conseguir que o alumno ou alumna poida acadar as aprendizaxes previstas no programa individualizado e asinarán un documento de atención educativa domiciliaria (anexo 8). Igualmente, proporcionarán a información que demanden tanto o centro docente de referencia como o profesorado asignado ou a Administración educativa.

As familias trasladarán calquera información relevante sobre a evolución do alumnado ao centro de referencia para que, de ser o caso, se adapte a resposta educativa.

A nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado garantirán a presenza no domicilio dun familiar ou dunha persoa adulta proposta pola familia, responsable durante o tempo de intervención do profesorado. Cando, por causas debidamente xustificadas e sempre de xeito puntual, isto non sexa posible, o alumnado non poderá recibir esta atención, polo que a familia deberá comunicarllo coa debida antelación ao profesorado asignado. Así mesmo, a familia proporcionará un lugar e condicións axeitadas no domicilio para levar a cabo o traballo de atención educativa.

2.11 Supervisión

A supervisión da atención educativa domiciliaria será realizada polo servizo de inspección educativa correspondente.

Mensualmente as xefaturas territoriais reportaránlle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa un informe sobre os casos atendidos dentro do Programa de atención domiciliaria e as súas características.

3. OUTRAS ESCOLARIZACIÓNS EXCEPCIONAIS POR MOTIVOS DE SAÚDE

Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.

A medida recollida no apartado anterior aplicarase, igualmente, a aquel alumnado que, por motivos de saúde, só poida asistir ao centro educativo unha parte da xornada escolar e nun tempo continuado superior aos cinco días lectivos.

O alumnado ao que se refire este artigo contará co debido informe médico. Ese alumnado considerarase escolarizado para todos os efectos e as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo, referidas no devandito informe, entenderanse todas xustificadas.

4. ANEXOS

Anexo 1. Solicitude da familia co compromiso de apoio á atención

Don/Dona, con DNI.....e con domicilio enlocalidade..... teléfono.....como nai/pai/titor/a legal da/do alumna/o:....., con data de nacemento....., escolarizada/o no centro de ensino..... da localidadeen educación infantil: curso..... educación primaria: curso.....en educación secundaria obrigatoria: curso.....

XUSTIFICA, por medio do informe médico que se xunta a esta solicitude, a imposibilidade de que a súa filla/o seu fillo asista con regularidade ás clases no seu centro escolar, e

SOLICITA a tramitación de Atención Educativa Domiciliaria durante o período de tempo da súa convalecencia que, de acordo co devandito informe será de días/meses/días ao mes (*rísquese o que non proceda*)

E COMPROMÉTESE A:

- Acordar e respectar un horario co profesorado do programa.
- Asegurar a permanencia dalgún familiar maior de idade no domicilio durante o devandito horario e avisar cando non sexa posible a intervención.
- Habilitar un lugar e condicións axeitadas no domicilio para realizar o traballo de atención educativa ao alumno ou alumna.
- Notificarlle ao centro docente o cesamento de convalecencia no domicilio por escrito.

.....,de..... de 20.....

(Sinatura).....

Sr./Sra. director/a do centro:

Enderezo- Localidade- CP- Concello- Provincia

Anexo 2. Modelo orientación de informe médico

Datos dos servizos sanitarios que emiten o informe

Nome do/da facultativo/a.....Número de colexiado/a.....

Especialidade médica.....Centro sanitario.....

Data do informe.....

Datos do/da alumno/a e da súa familia

Nome e apelidos do/da alumno/a.....

Representante legal (*nome e apelidos*)..... relación de parentesco.....

Motivo da convalecencia no domicilio que impide a asistencia ao centro sanitario

.....
.....
.....

Duración probable da convalecencia..... Periodicidade da revisión.....

Aconséllase seguimento no domicilio do proceso formativo mediante atención educativa domiciliaria: SI / NON (*rísquese o que non proceda*)

Outras recomendacións ou consideracións de interese:

.....
.....
.....

.....,.....de..... de 20.....

(Sinatura) O/A facultativo/a
Selo do centro sanitario

Anexo 3. Traslado da solicitude por parte da dirección do centro á xefatura territorial

Don/Dona....., director/a do centro docente.....
 rúa.....teléfono.....
 enderezo electrónico. da localidade de.....na provincia de.....

INFORMO:

Que con data.....foi recibida neste centro a solicitude de atención educativa domiciliaria por parte da/do nai/pai/titor/a legal do/da alumno/a..... Matriculado/a no curso..... etapa:.....

SOLICITO:

Que autorice a devandita intervención educativa durante o período de convalecencia.

MANIFESTO:

Que no centro HAI/NON HAI profesorado voluntario para este labor (en caso afirmativo faga constar nome e apelidos do profesorado voluntario, especialidade e dispoñibilidade horaria)

.....

,.....de..... de 20....

(Sinatura).....

(Selo do centro)

Sr./Sra. XEFE/A TERRITORIAL DE EDUCACIÓN

Enderezo-Localidade-CP-Concello-Provincia

Anexo 4. Informe da situación académica do alumnado

Nome do centro.....
 Localidade.....Teléfono.....endereço electrónico.....

Nome e apelidos da/do alumna/o.....
 Data de nacemento..... Domicilio.....
 Localidade.....Teléfono.....

Nome e apelidos do/da titor/a.....
 Teléfono.....Endereço electrónico.....

Datos relevantes de carácter persoal, familiar e social sobre a/o alumna/o:

.....

Nivel de adquisición das competencias clave:

.....

Outras observacións de interese::

.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (por exemplo):

- ▶ Informe de cualificacións da última avaliación
- ▶ Informe psicopedagóxico (se procede)...
- ▶ ...

....., de..... de 20.....

O/A titor/a

O/A orientador/a

O/A xefe/a de estudos

(Sinatura).....

(Sinatura).....

(Sinatura).....

Selo do centro

Orientacións sobre o plan de traballo individual

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Proposta de actividades

Don/Dona profesor/a de atención educativa domiciliaria

Anexo 5. Elementos que debe conter o programa individualizado

Nome e apelidos do alumno ou da alumna

Duración prevista do programa: desde .../...../..... ata .../...../.....

Aspectos curriculares (en primaria de xeito globalizado e en secundaria por ámbitos de coñecemento)

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Proposta de actividades	Temporización

Aspectos metodolóxicos

Organización

Persoa ou persoas responsables, asignación horaria para cada ámbito cando proceda, horario de intervención pactado coa familia etc.

Coordinación e seguimento

Indicación da periodicidade dos informes de seguimento, medio ou medios que se utilizarán tanto para transmisión dos informes ordinarios coma das incidencias que poidan xurdir, determinación das reunións presenciais de coordinación...

Revisión e actualización

Procedementos de revisión, adaptación e actualización cando o seguimento ou a extensión da convalecencia así o aconsellen.

Anexo 6. Informe final de seguimento

Profesor/a.....

Alumno/a.....Curso.....

Centro educativo de referencia.....

Data de inicio da atención..... Remate.....

Datas de contacto co/coa titor/a.....

Horario de atención.....

Valore de 1 a 4, tendo en conta que 1 é pouco ou ningún compromiso e 4 moito compromiso

	1	2	3	4
Compromiso do/da alumno/a				
Compromiso da familia				
Observacións:				

Total de días de atención domiciliaria.....

Breve informe da atención domiciliaria e valoración dos resultados obtidos

.....

Propostas de mellora

.....

(Sinatura) O/A profesor/a de atención educativa domiciliaria

Anexo 7. Modelo de folla rexistro semanal de incidencias

Profesor/a (nome e apelidos)

.....

Alumno/a (nome e apelidos).....

Data	En caso de non cumprirse o horario xeral, sinala as causas e o novo horario	Breve informe das actividades realizadas	Incidencias	Sinatura da persoa responsable no domicilio

(Sinatura) O/A profesor/a de atención educativa domiciliaria

Anexo 8. Acordo de atención educativa domiciliaria coa familia

Don/Dona.....,con DNI.....
 e con domicilio na.....
localidade.....e teléfono....., como nai/pai/titor/a legal da/do
 alumna/o: con data de
 nacemento..... escolarizada/o no centro de
 ensino..... da localidade.....en..... educación
 infantil: curso..... educación primaria: cursoeducación secundaria
 obrigatoria: curso.....

COMPROMÉTESE A:

Respectar o seguinte cadro horario.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Horario: Responsable: Ámbito (se procede):	Horario: Responsable: Ámbito (se procede):	Horario: Responsable: Ámbito (se procede):	Horario: Responsable: Ámbito (se procede):	Horario: Responsable: Ámbito (se procede):
Horario: Responsable: Ámbito (se procede):	Horario: Responsable: Ámbito (se procede):	Horario: Responsable: Ámbito (se procede):	Horario: Responsable: Ámbito (se procede):	Horario: Responsable: Ámbito (se procede):

Asegurar a permanencia dalgún familiar maior de idade ou persoa adulta responsable no domicilio durante o devandito horario e avisar coa antelación necesaria cando non sexa posible a intervención.

Habilitar un lugar e condicións axeitadas no domicilio para realizar o traballo de docencia directa.

Notificarlle ao centro docente o cesamento de convalecencia no domicilio por escrito.

(Sinatura).....

Sr./Sra. director/a do centro

Enderezo- Localidade- CP- Concello- Provincia

galicia



www.educonvives.gal

**PROTOCOLO DE
PREVENCIÓN,
DETECCIÓN E
ATENCIÓN
EDUCATIVA
DOMICILIARIA NO
ÁMBITO EDUCATIVO**



**XUNTA
DE GALICIA**